

## A PERICIA XUDICIAL

Bos días. Grazas á Unión Profesional de Galicia por me convidar á inauguración deste Seminario sobre a Proba Pericial, que resulta de especial interese para todos os que intervimos como profesionais do dereito nos litixios de distinta natureza que se dirimen ante os Tribunais de Xustiza.

Facer xustiza demanda non soamente un coñecemento completo da lei, senón tamén a determinación ou fixación da verdade dos feitos.

A descuberta desta verdade, como elemento esencial do proceso e do xulgamento, impón, xa que logo, a esixencia da proba.

"Proba" (en latín *probatio*) transmite a idea de exame, comprobación, actividade que busca demostrar a existencia dun feito xurídico, co obxectivo de convencer ao xuíz e de fundamentar a súa decisión.

O dereito positivo español regula as diferentes clases de probas, e a reunión de todas elas é o que constituirá o conxunto probatorio determinante para a resolución dun litixio.

Didacticamente, pódense conceptuar as especies de probas: por confesión, testemuñal, documental e pericial.

É certo que as testemuñas son os ollos e os oídos da Xustiza, como dicía Bentham, pero tamén é certo que tales ollos e oídos poden estar sufrindo defectos orgánicos ou emocionais que lles impidan ver e oír, ou o que é peor, poden estar comprometidos cos intereses persoais de quen os posúe. Polo tanto, non se debe deixar a xustiza decidir sen sentidos, senón con eles, pero tendo en conta ademais o que a ciencia e a técnica indican.

Esta proba técnica, que é a que nos convoca a este seminario organizado pola Unión Profesional de Galicia, procede, de acordo coa lei;

*"cando sexan necesarios coñecementos científicos, artísticos, técnicos ou prácticos para avaliar feitos ou circunstancias relevantes no asunto ou adquirir certeza sobre eles".*

Centrando así a cuestión e como proclamación programática, hai que definir a proba pericial como:

*"un medio de proba indirecto e de carácter científico polo cal se pretende que o xuíz, que descoñece certos campos do saber humano, poida avaliar e apreciar tecnicamente uns feitos que xa foron achegados á contenda xudicial por outros medios e así ter coñecemento da súa significación científica, artística ou técnica, sempre que tales coñecementos especiais sexan útiles, proveitosos e oportunos para comprobar algún feito controvertido no litixio xudicial."*

Desde a entrada en vigor da Lei de axuízamento civil —na que se estipula que o xuíz debe admitir como proba os ditames periciais presentados polas partes—, a pericia xudicial pasou a constituír un dos principais campos de traballo de moitos profesionais expertos en distintos eidos de coñecemento especializado.

Na actualidade, o requirimento de ditames de expertos independentes por parte de xuíces e maxistrados, así como polos asesores legais das partes, aumentou de xeito exponencial, ata o punto de que a proba pericial se conforma hoxe en día como un elemento clave do sistema procesual español.

A abundancia de litixios dirimidos nas xurisdicións civil, penal, contencioso-administrativa e laboral —e mesmamente no ámbito extraxudicial, como nas arbitaxes de carácter privado— que inclúen compoñentes contables, financeiros, medioambientais, urbanísticos, de análise de substancias, caligráficos, documentais, de ADN e moitos outros, provocou que a proba pericial xudicial adquirise unha gran relevancia e que se incrementase a necesidade de expertos en practicamente todas as materias.

No campo penal, a chamada delincuencia complexa —que é aquela cometida con sofisticados medios, en ámbitos que van desde o medio ambiente, o urbanismo ou os delitos económicos— representa un importante reto para o sistema xudicial.

Este sistema penal vese impotente para mellorar tanto na súa eficacia como nos seus tempos de resposta se non dispón de estruturas de investigación especializadas, entre as cales adquire grande importancia a pericia xudicial.

Un exemplo ben claro constitúeno os delitos económicos, que inclúen compoñentes contables, financeiros, fiscais, patrimoniais ou administrativos que deben ser analizados para descubrir fraudes, incumprimentos de contrato, competencia desleal e outras irregularidades constitutivas de ilícito penal.

E por iso polo que a proba pericial económico-contable adquiriu unha gran relevancia na demostración destes ilícitos e polo que se incrementou a necesidade de expertos nesta materia.

A proba pericial no proceso penal reguláméntase na LACrim. nos seguintes termos:

*“O xuíz acordará o informe pericial cando para coñecer ou apreciar algún feito ou circunstancia importante do sumario fosen necesarios ou convenientes coñecementos científicos ou artísticos.”*

Configúrase, pois, como un acto de investigación que necesita dunha persoa técnica e suficientemente cualificada que ilustre ao tribunal sobre asuntos que poden probar a comisión dun delito.

Cando estamos a piques de chegar ao décimo aniversario do afundimento do buque PRESTIGE, aproximámonos tamén á data de inicio do xuízo oral.

Nese xuízo a Fiscalía estará representada polo Fiscal Delegado de Medio Ambiente de Galicia, relator tamén neste seminario, ÁLVARO GARCÍA ORTIZ.

Coido non esaxerar se afirmo que o resultado deste xuízo se xoga, non só principalmente senón case totalmente, no campo da pericia.

Unha pericia que terá que demostrar, en primeiro lugar, a causa principal do incidente e da subseguinte vertedura do fuel transportado polo buque, así como do posterior afundimento deste, para delimitar as posibles responsabilidades penais do capitán e da autoridade administrativa acusada.

Pero tamén terá que demostrar, en segundo lugar, a reclamación que a Fiscalía formula por dano ecolóxico, mediante a valoración económica das perdas ambientais causadas polo buque PRESTIGE.

Para tal fin, aplícase o método da chamada valoración contingente, seguindo os protocolos periciais internacionalmente aceptados para o efecto.

A avaliación económica das perdas medioambientais ocasionadas por accidentes é complicada e difícil, xa que ademais das perdas de valores activos comerciais tamén existen outros valores de carácter pasivo (non relacionados coa explotación directa dos recursos) que son máis difíciles de avaliar.

Vemos así como a pericia, nas súas distintas manifestacións e especialidades, ten unha incidencia decisiva en todos aqueles procedementos xudiciais en que son necesarios os coñecementos de feitos especificamente técnicos.

De feito, na maior parte das resolucións relativas a estas cuestións é frecuente identificar na sentenza un claro apoio na proba pericial achegada.

Di unha clásica zarzuela: "*Las ciencias adelantan que es una barbaridad*", metáfora que se adapta perfectamente ao dereito, sempre por detrás daquelas.

Os novos perfís tecnolóxicos no comezo do terceiro milenio inundan ao operador xurídico de desafíos probatorios e de numerosas dúbidas.

Por iso, non quero rematar a miña intervención sen lles trasladar aos organizadores deste seminario os meus parabéns pola súa oportunidade, e tampouco sen lles pedir aos profesionais aquí presentes que nos seus informes fagan o máximo esforzo polo rigor técnico á hora de expoñeren os seus argumentos, e tamén pola claridade e a intelixibilidade, acompañadas dun resumo conciso e detallado do peritado.

Non dubiden que esta forma de proceder será de grande axuda para apoiar as conclusións definitivas que no proceso xudicial deberemos formular os profesionais da xustiza.

Carlos Varela García\_Fiscal Superior de Galicia